

## **PROGRAMA DO CURSO DE LITERATURA ORAL “SOMOS HERDEIRAS”**

O obxectivo do curso é achegar o alumnado aos textos dos diferentes xéneros que compoñen a literatura oral de Galicia, dar a coñecer os seus trazos principais e os contextos de uso. Comezaremos cunha breve introdución á materia e aos conceptos principais que manexaremos, e forneceremos recursos bibliográficos e audiovisuais. Unha vez situado o alumnado fronte ao noso obxecto de análise pasaremos a ler e comentar na aula textos representativos de cada xénero para, a partir deles, analizar as características principais de cada un. Esta segunda parte do curso ocupará a maior parte do noso tempo e irá acompañada de intervencións maxistras da docente, procurando incentivar a participación do alumnado. Este poderá propor para o comentario textos que fagan parte do seu acervo oral ou que sexan do seu interese.

Queda a criterio da docente axustar, modular ou modificar o programa do curso en función das dinámicas que se xeren na aula e dos intereses do alumnado. Por limitacións de tempo é probable que os apartados 2d, 2e, e 2f non se poidan impartir total ou parcialmente.

### 1. Introducción

- a. O patrimonio inmaterial. Os conceptos de literatura oral, popular, tradicional.
- b. A cultura oral. Características principais da oralidade. Autoría, prácticas, funcións e contextos de uso.
- c. A literatura oral en Galicia. Estudo, difusión e estado actual.
- d. Recursos para saber máis.

### 2. Achegamento aos xéneros orais e aos seus textos. Utilización destes modelos para practicar a escrita.

- a. Mitos e lendas. Análise de textos
- b. Contos. Análise de textos
- c. Cancioneiro. Análise de textos
- d. Romanceiro. Análise de textos
- e. Outros xéneros e manifestacións da literatura oral
  - i. O oracioneiro
  - ii. As adiviñas
  - iii. O Refraneiro
- f. As interferencias interxenéricas